

CERTIFICADO DE INTERRUPCIÓN DO SERVIZO

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Amtega, como responsable da operación e administración tecnolóxica da sede electrónica da Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

- *Que o 15/03/2021 entre as 12:20h e as 14:02h produciuse unha incidencia técnica non planificada que provocou unha indispoñibilidade xeral na sede electrónica da Xunta de Galicia que impediu a presentación electrónica de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos no rexistro electrónico xeral.*

De acordo co establecido no artigo 3 no Decreto 25/2020, do 13 de febreiro de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se regula a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos, no caso de determinadas incidencias técnicas que imposibiliten o funcionamento ordinario da sede electrónica da Xunta de Galicia, os prazos de vencemento para a presentación de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos que finalizaran o 15/03/2021 ampliaranse automaticamente vinte catro horas hábiles, contadas a partir da súa finalización.

Aos efectos do indicado no parágrafo anterior, e sen prexuízo da existencia doutros posibles casos, faise constar que segundo figura na Guía de procedementos e Servizos, regulada no artigo 5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e publicada na sede electrónica, o 15/03/2021 era o día de vencemento do prazo de presentación dos seguintes procedementos:

Código	Procedemento
CT302D	Subvencións para o desenvolvemento de proxectos de programación musical en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público, dentro da programación do Xacobeo 2021.
ED701B	Valoración previa á asignación das retribucións adicionais vinculadas ao labor docente e ao labor investigador.
ED701C	Valoración previa á asignación das retribucións adicionais vinculadas aos cargos de xestión

Santiago de Compostela

